

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o cinco de agosto do ano dous mil dezaseis, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, dona Ana M.ª Villarino Pardo, don Manuel Doval Soto e don Pablo Pérez Pérez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor en funcións, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Non asisten á sesión os deputados provinciais don Jorge Pumar Tesouro (vicepresidente 2º) e don Juan Anta Rodríguez, que escusan a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 29 DE XULLO DE 2016.-

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte e nove de xullo de dous mil dezaseis, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE MUÍÑOS.- No Pleno, con data 25 de setembro de 2015, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2016, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, unha subvención nominativa, por importe de 50.000,00 euros, a favor do Concello de Muíños, para o *“Proxecto de pantalán no complexo turístico O Corgo”*.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Muíños, nos seguintes termos:

-Importe: 50.000,00 euros.

-Obxecto: *“Proxecto de pantalán no complexo turístico O Corgo”*.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

-Condicións específicas: a concesión da subvención queda condicionada á obtención por parte do concello beneficiario das autorizacións sectoriais esixibles para a realización da obra subvencionada. O cumprimento da dita condición deberá acreditarse coa xustificación da subvención, e a falta de constatación deste extremo dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención ou, de ser o caso, ao correspondente expediente de reintegro.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

- a) Que o Concello de Muíños dispón, á data da emisión da presente certificación, das correspondentes autorizacións sectoriais esixibles para a realización da obra do pantalán no complexo turístico O Corgo.
- b) Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- c) Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- d) Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- e) Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Achegarase, ademais, copia autenticada do documento de outorgamento das autorizacións sectoriais precisas para a realización da obra obxecto de subvención.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 31 de decembro de 2016.

3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE OURENSE.- No Pleno, con data 25 de setembro de 2015, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2016, e con cargo á aplicación 334.20/489.12, unha subvención nominativa, por importe de

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

50.000,00 euros, a favor do Concello de Ourense, para a “*Organización do festival de cine internacional OUFF, correspondente ao ano 2016*”.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 50.000,00 euros.

-Obxecto: “*Organización do festival de cine internacional OUFF, correspondente ao ano 2016*”.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

- a) Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- b) Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- c) Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- d) Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 decembro de 2016.

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PADRENDA.- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

450.12/462.10, a cantidade de 15.000,00 euros, a favor do Concello de Padrenda, para inventario de bens.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Padrenda, nos seguintes termos:

-Importe: 14.999,99 euros.

-Obxecto: inventario de bens.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

- a) Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- b) Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- c) Que os gastos xustificadas acadan o 100% do importe subvencionado.
- d) Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2016.

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE RIÓS.- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 30.000,00 euros, a favor do Concello de Riós, para o “*Centro agroforestal de Riós*”.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

Posteriormente, baseándose no escrito remitido polo Concello, no que se advirte dun erro relativo á finalidade do proxecto, acordouse no Pleno de data 29 de abril de 2016, con cargo á aplicación 450.12/462.10 a concesión para gastos de persoal e funcionamento do centro agroforestal de Riós, por importe de 30.000,00 euros.

Unha vez emendado o dito erro, vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Riós, nos seguintes termos:

-Importe: 29.998,50 euros.

-Obxecto: gastos de persoal e funcionamento do Centro agroforestal de Riós.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

- a) Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- b) Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- c) Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe subvencionado.
- d) Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 31 de decembro de 2016.

6.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Trala unánime declaración da urxencia dos asuntos, por non figurar incluídos na orde do día, a Xunta de Goberno adoptou os seguintes acordos:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

6.a) PECHE DA CONVOCATORIA CON EFECTOS DO 4 DE AGOSTO DE 2016 DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES ESCÉNICAS E MUSICAIS PARA O ANO 2016.

- Con data 20 de novembro de 2015, a Xunta de Goberno desta Deputación acordou aprobar as bases reguladoras das subvencións para o fomento de actividades escénicas e musicais para o ano 2016, bases que foron publicadas no BOP do día 30 de novembro de 2015.

Consonte coas ditas bases, a posibilidade de concesión de subvencións para a realización de actuacións escénicas e musicais quedou aberta ata o 30 de novembro de 2016.

Non obstante o anterior, con data 4 de agosto de 2016, a Intervención da Deputación Provincial informou do esgotamento da partida orzamentaria correspondente a esta liña de subvencións, o que imposibilita a concesión de novas subvencións a partir desta data.

Sen prexuízo de que a Presidencia deba proceder a denegar as solicitudes que teñan entrada dende o día 4 de agosto (inclusive) sen necesidade de acordo ningún ao respecto por parte da Xunta de Goberno (ao terse producido, de forma sobrevida, a carencia dun requisito esencial para a concesión das subvencións, como é a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente) considérase conveniente, por razóns de seguridade xurídica e para os efectos de informar debidamente desta circunstancia aos potenciais interesados, deixar sen efecto a convocatoria das citadas subvencións, con efectos de 4 de agosto de 2016, data na que se produciu o esgotamento do crédito orzamentario.

Polo exposto, trala unánime declaración da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Deixar sen efecto a convocatoria de subvencións para o fomento de actividades escénicas e musicais do exercicio 2016, regulada polas bases publicadas no BOP do 30 de novembro de 2015, con efecto do día 4 de agosto de 2016.

Como consecuencia deste acordo, as solicitudes presentadas con posterioridade ao día 3 de agosto de 2016 non serán admitidas a trámite. A cesación de efectos da convocatoria non afectará ás solicitudes que foran presentadas con anterioridade ao 4 de agosto.

2º- Publicar o presente acordo no BOP e na páxina web da Deputación, para xeral coñecemento.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

6.b) RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DE OURENSE PARA O ANO 2016.

- Unha vez finalizado o prazo de alegacións á resolución provisional de data 7 de xullo de 2016, do concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2016, cuxas bases e convocatoria foron aprobadas pola Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 11 de decembro de 2015 e publicadas no BOP n.º 292, do 21 de decembro de 2015), vista a proposta de resolución das alegacións formuladas e de resolución do concurso formulada pola Comisión de Valoración con data 31 de xullo de 2016, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Desestimar integralmente as alegacións fronte á proposta de resolución provisional formuladas no trámite de audiencia polas entidades Club Ourense Fútbol Sala (*NRE 21935*) e Club Sala Ourense 2014 (*NRE 22146*) polos motivos recollidos na acta que se incorpora como anexo ao acto de resolución ao abeiro do establecido no artigo 89.5 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2º.- Estimar integralmente as alegacións presentadas pola entidade Independiente Badminton Club (*NRE 21466*), tamén polos motivos recollidos na acta que se incorpora como anexo.

3º.- Non admitir a trámite as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

- Por presentala fóra do prazo establecido na base quinta da convocatoria: Verín Futsal. Fútbol Sala
- Por non emendar a documentación administrativa que lle foi requirida: CDL Cortegada de Baños. Automobilismo.
- Por non presentar a correspondente documentación valorable, non sendo esta emendable: Club Bolos Punxeiro. Bolos

4º.- Excluir da valoración as solicitudes que se indican a continuación por non posuír, polo menos, un equipo de base acreditado, é dicir, inferior á categoría senior ou absoluta”, e no caso de disciplinas individuais, posuír un mínimo de cinco licenzas federativas de deportistas de base en competición, tal e como dispón a base 2.1 d):

- **Atletismo Rúa, Club Hockey Burgas, Verín Hoquei Club, A.D. Ourense Hoquei Club, Club Hoquei Santiago Apostol, A.D.C. Sainza, Club**

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016
--

Deportivo A Bola, Sala Ourense 2014, Miguez Team, Fundación Cipri Gomes, Black Kick Competición, Unión Xogadores de Maceda.

Excluír igualmente da valoración a solicitude da entidade deportiva que se relaciona a continuación por presentar escrito no que manifestaba a súa vontade de renunciar á solicitude de subvención: **Unión Deportiva Ourense**

A solicitude da entidade deportiva **Escolas Deportivas Concello de Verín**, tamén queda excluída, por resultar **imposible a súa baremación** cos datos que achega no expediente.

5º.- Conceder, conforme coa valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes solicitudes:

NOME ENTIDADE	MODALIDE DEPORTIVA	PROPOSTA CONTÍA SUBVENCIÓN
Grupo I – Nacional -		
Ourense Club de Fútbol S.A.D.	Polideportivo	17.577,10 €
Cidade de As Burgas Fútbol Sala	Fútbol Sala	13.377,60 €
Grupo II – Autonómica-Nacional		
Club A.D.A.S.	Polideportivo	9.614,64 €
Pabellón Ourense Club de Fútbol	Polideportivo	11.545,44 €
Club Náutico Castrelo de Miño	Polideportivo	7.471,77 €
Clube Escola Ximnasia Burgas	Ximnasia	6.000,00 €
Club Ximnasia Pavillón	Ximnasia	10.025,78 €
Club Ourense Atletismo	Atletismo	8.951,06 €
Clube Ciclista Maceda	Ciclismo	8.412,28 €
Club Natación Pabellón Ourense	Natación	8.000,00 €
Club Natación Sincronizada Ourense	Natación Sincro.	7.618,22 €
Pizarras Los Tres Cuñados F.Sala	Fútbol Sala	5.368,01 €
Club de Tiro Eiroás	Tiro Olímpico	6.832,62 €
Grupo III - Autonómico-		
Club Santo Domingo	Polideportivo	3.000,00 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

Asociación Deportiva Limiactiva	Polideportivo	3.200,00 €
Asociación Deportiva Bosco	Polideportivo	7.212,30 €
Unión Deportiva Barbadás	Polideportivo	5.622,75 €
Club Carmelitas Vedruna	Polideportivo	6.809,02 €
E.D. Artai	Kungfu	3.985,29 €
Club Hockey Cidade de Ourense	Hockey	3.279,54 €
Club Hockey Barrocás	Hockey	6.061,41 €
Club Hockey Albor	Hockey	4.706,16 €
Club Hockey A Ponte	Hockey	2.057,63 €
Club Deportivo Ourela	Patinaxe	2.420,00 €
Club Patinatour	Patinaxe	3.500,00 €
Club Patinaxe AEHDE O Carballiño	Patinaxe	2.000,00 €
Xadrez CEIP Pereiro de Aguiar	Xadrez	5.000,00 €
Club Deportivo Xadrez Ourense	Xadrez	6.500,58 €
Club Marusia Ourense	Ximnasia	4.704,35 €
Mizukami Escuela de Karate Shotokan	Karate	2.000,00 €
Ximnasio Estudio A Valenzá	Karate	2.000,00 €
Club Deportivo P21 Padel Club	Pádel	2.401,27 €
Club Salvamento Acuático Ourense Salvour	Salvam. Socorr.	4.432,08 €
Centro Deportivo Couto, A.D.	Taekwondo	4.113,66 €
Club Dep. Dereito-Empresariais de Ourense	Tenis	2.000,00 €
Club Tennis Rúa	Tenis	2.000,00 €
Club Triatlon Gimnasio Olimpia Carballiño	Triatlon	2.942,14 €
Asoc. Dep.Gimnasio Dinamic Center	Wushu	4.211,17 €
Asoc. Dep. Balonman Carballiño	Balonmán	2.371,55 €
Club Balonmán Pabellón Ourense	Balonmán	7.445,03 €
Campus Ourense Clube Balonmán	Balonmán	3.329,16 €
C. Dep.Cultural Ribeiro-Viña costeira	Balonmán	3.316,62 €
Club Escola Balonmán Ribadavia	Balonmán	2.483,39 €
Club Olimpo`s	Boxeo	1.344,53 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

Club Esquí Náutico Dummies	Esquí Náutico	1.681,09 €
Burgas Voleibol	Voleibol	4.299,46 €
Club Voleibol San Martiño	Voleibol	7.175,53 €
Club Voleibol Ourense	Voleibol	5.119,99 €
Club Baloncesto Allariz	Baloncesto	4.534,75 €
Club Halterofilia Pabellón	Halterofilia	4.103,52 €
Club Fluvial Avión	Piragüismo	2.817,86 €
Escola Ourensana Municipal de Piragüismo	Piragüismo	2.616,31 €
Piragüismo Fluvial Allariz	Piragüismo	3.783,36 €
C.D. Arenteiro	Fútbol	4.253,70 €
Centro de Deportes Barco	Fútbol	5.899,25 €
Carballiño Fútbol Sala	Fútbol Sala	3.732,09 €
Club Ourense Fútbol Sala	Fútbol Sala	2.046,77 €
C.P. ATHLOS BADMINTON	Badminton	6.175,22 €
Club Baloncesto Femenino Ourense	Baloncesto	5.666,55 €
Agrup. Deport. APA IB Eduardo Blanco Amor	Baloncesto	4.500,00 €
Club Fluvial O Barco	Piragüismo	3.983,14 €
Independiente Bádminton Club	Bádminton	2.530,52 €
Grupo IV Provincial e Base		
C. Escolas DeP. Concello Xinzo de Limia	Ximnasia	2.700,00 €
Club Ourense Volei Praia	Voleibol	3.302,82 €
Escola Deportiva Ourense	Polideportivo	5.086,88 €
CD Maceda	Polideportivo	4.186,97 €
Club Deportivo La Purísima	Polideportivo	3.372,36 €
Club Deportivo Cultural Santa Teresita	Polideportivo	4.415,78 €
Club Peña Trevinca Barco	Polideportivo	1.600,00 €
Club Patinaxe Artístico Fenix	Patinaxe	1.680,07 €
Club Ximnasia Escola Pavillón	Ximnasia	4.065,13 €
Escuela de Kickboxing Cipri Gomes	Kickboxing	1.945,51 €
Wushu Kungfu Club Ourense	Kungfu	1.926,01 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

Club de Billar Ourense	Billar	2.056,54 €
Club Balonman Sergave Ourense	Balonmán	1.500,00 €
Depordima	Baloncesto	1.500,00 €
Asociación Baloncesto Xinzo	Baloncesto	3.063,82 €
Asociación Basket Ourense	Baloncesto	2.447,56 €
Femenino Sil Baloncesto Barco	Baloncesto	3.238,13 €
Montealegre Club de Golf, S.A.	Golf	3.038,30 €
Club Deportivo Ecuestre de Ourense	Hípica	2.100,76 €
Clube de piragüismo Fontefría	Piragüismo	2.005,99 €
C.D. Rúa	Fútbol	2.288,32 €
Pabellón Promesas	Fútbol	2.949,50 €
Club Deportivo Allariz	Fútbol	3.342,78 €
Sociedade Dep. Cultural Arrabaldo	Fútbol	3.624,47 €
Sporting Celanova	Fútbol	1.915,27 €
A Peroxa, C.F.	Fútbol	1.463,78 €
Club Deportivo Velle	Fútbol	3.793,77 €
Antela Fútbol Club	Fútbol	2.992,21 €
Amoeiro C.F.	Fútbol	1.377,44 €
Esc. Dep. Concello de Barbadás	Fútbol	2.243,46 €
S.D. Nogueira de Ramuín	Fútbol	2.366,27 €
Ribadavia Atlético	Fútbol	2.137,94 €
Cidade de Ourense	Fútbol Sala	2.281,41 €
	TOTAL	400.172,51 €

ANEXO:

ACTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES Á PROPOSTA PROVISIONAL DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS AO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A CLUBS DEPORTIVOS DE OURENSE PARA O ANO 2016. (BOP nº 292 de 21 de decembro de 2015)

En Ourense, no Pazo dos Deportes “Paco Paz” da Deputación de Ourense, con data 31 de xullo de 2016, sendo as 9.00 horas, reúnese a comisión de valoración do concurso para

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2016 (*cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP nº 292 de 21 de decembro de 2015*) integrada polas seguintes persoas:

Presidente: don Juan Anta Rodríguez , deputado provincial delegado de deporte e mocidade .

Vogais:

- Dona José Mosquera Casero, do Servizo de Intervención da Deputación.
- Don Ángel Cid Manzano, xefe do Servizo de Deportes da Deputación.
- Don Pablo Fernández Valencia, licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte.

Actúa como secretaria da comisión, dona María Isabel Rodríguez Carrera, xefa da Sección de Subvencións da Deputación.

O obxecto da reunión é proceder ao estudo e valoración das alegacións formuladas á proposta provisional de resolución do concurso de referencia, e á formulación dunha proposta definitiva de resolución para a súa elevación á Xunta de Goberno da Deputación Provincial.

Os **antecedentes** do asunto para tratar son os seguintes:

1º) Con data 7 de xullo de 2016, a comisión de valoración **formulou unha proposta provisional de resolución do concurso**, que con data 13 de xullo do mesmo ano foi sometida a trámite de audiencia polo período de dez (10) días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 84 da Lei 30/92, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación.

2º) En tempo e forma, presentaron **alegacións á proposta provisional** do dito concurso os seguintes solicitantes:

- Independiente Badminton Club (*NRE 21466*)
- Club Ourense Fútbol Sala (*NRE 21935*)
- Club Sala Ourense 2014 (*NRE 22146*)

Unha vez expostos os antecedentes, a comisión procede ao **estudo e valoración das ditas alegacións**, co seguinte resultado:

Independiente Badminton Club

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

O solicitante alega , en contra da proposta formulada pola comisión, que o seu club *debera estar incluído no grupo “autonómico” dado que a maior parte da súa competición se desenvolve nese ámbito.*

Vista a alegación, a comisión volve revisar a baremación e puntuación outorgada ao solicitante, constatándose efectivamente o erro habido, polo que procede o seu pase do grupo IV, provincial e base, ao grupo III , categoría autonómica.

Da nova aplicación do valor/punto desa categoría resulta o seguinte:

60,25 puntos por 42 €/punto, resulta unha contía da subvención de 2.530,52 puntos.

Polos motivos indicados, a comisión modifica o criterio que figura na proposta provisional de resolución do concurso, outorgándolle unha subvención de 2.530, 52 euros.

Aínda que a estimación desta alegación debería ter como consecuencia a redistribución da contía global autorizada para este concurso entre o total de solicitantes, aos efectos de non perxudicar a estos e mediante Decreto da Presidencia de data 4 de agosto de 2016, autorizouse unha transferencia de crédito incrementando a dotación da convocatoria en 172,51 € o que permite axustar a contía da subvención a conceder á entidade reclamante sin alterar as contías previstas na proposta provisional de resolución.

Club Ourense Fútbol Sala

O solicitante alega , en contra da proposta formulada pola comisión, que o seu club *resulta penalizado en la cuantía establecida este año en relación a la concedida en el ejercicio de 2015, entendiendo que no se valoraron correctamente determinados aspectos entre ellos y en especial sus presupuestos económicos.*

Vista a alegación, a comisión volve revisar a baremación e puntuación outorgada ao solicitante, observándose o seguinte :

- A pretensión de comparar os exercicios económicos do 2015 e 2016 no tocante a asignación de contías, resulta inapropiado porque pode obterse a mesma puntuación na baremación dos dous exercicios e conseguir unha subvención diferente, todo elo motivado polo incremento dos clubs do grupo correspondente e a minoración do valor punto/euro no seu grupo. Nas convocatorias de concorrencia competitiva, como é o caso, un exercicio non pode ser comparable con outro.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

- Como o propio solicitante indica soamente conta cun equipo de categoría xuvenil cando a temporada pasada contaba con dous, polo que a contía da subvención tense que ver necesariamente afectada.
- A documentación presentada no seu día é bastante incompleta e dificultou claramente a baremación:
 1. Non aporta certificación federativa de licencias que é un documento básico para asignación de puntos e a constatación da realidade deportivo dun club.
 2. Non aporta o correspondente anexo de gastos de kilometraje que constitue un dos indicadores determinantes de gastos dun club.
 3. Os documentos indicados nos apartados anteriores, forman parte da documentación valorable non tendo, polo tanto, carácter emendable; non obstante, a Comisión de Valoración decidiu con carácter unánime, e aplicable a todas as solicitudes, recabar estes datos da restante documentación valorable presentada en tempo e forma, para evitar un grave prexuízo económico ás entidades solicitantes.
- Por ultimo, rexeitouse o orzamento e liquidación económica presentados por entender que non se corresponde nin cualitativa, nin cuantitativamente cun club de base.

Polos motivos indicados, a comisión reafírmase no seu criterio de outorgarlle a mesma puntuación e polo tanto a mesma contía á solicitude do club OURENSE FUTBOL SALA que figura na proposta provisional de resolución do concurso.

- **Club Sala Ourense 2014**

En data 26 de xullo de 2016, don Antonio Sanmiguel Rodríguez, presidente do Club Sala Ourense 2014, presentou escrito de alegacións fronte a proposta de resolución provisional do concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos 2016, ao quedar excluído da valoración por non posuír, polo menos, un equipo de base acreditado, é dicir, inferior á categoría senior ou absoluta”, tal e como dispón a base 2.1 d). Previamente, e con data 7 de xullo de 2016 (antes da apertura do trámite de audiencia) xa presentara un primeiro escrito cun contido semellante ao das alegacións posteriormente presentadas.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

En ditas alegacións, de xeito sintético, afirma o seguinte:

1º) Que este club en relación co anexo X, relativo ao certificado oficial de licenzas federativas do club, soamente achegou coa súa solicitude o emitido pola Federación Nacional de Fútbol, no que unicamente figuran as licenzas relativas á categorías senior, e non o da Federación Galega de Fútbol que é na que se atopan federados os equipos de base que a entidade posúe.

2º) Que este club foi requirido telefonicamente pola Sección de Subvencións, nunha data imprecisa (se afirma que “aproximadamente dous meses despois de presentada a solicitude”) para que aportara o anexo X emitido pola Federación Galega de Fútbol, documento que segundo afirma foi entregado no Rexistro Xeral desta entidade, manifestando non obstante que o presentante non se quedou con copia selada da presentación. Afirma ademais nas súas alegacións que este mesmo documento foi novamente presentado o día 7 de xullo de 2016.

3º) Que en data 18 de maio de 2016 a secretaria da comisión de valoración deste concurso, requiriulle a determinados clubs a emenda de documentación valorable, pero non así ao club alegante con respecto ao anexo X.

4º) Alega, por último, que o anexo X, no relativo á acreditación da posesión de equipos de base, non pode ser considerado como documentación valorable non subsanable, senón como documentación acreditativa do cumprimento do requisito para ser beneficiario da subvención, polo que a súa falla de presentación debería ser emendable.

Con respecto a estas alegacións, compre indicar o seguinte:

1º) A base 2.1 d) establece como un dos requisitos para poder obter subvención ao abeiro do presente concurso “...posuír, polo menos, un equipo de base acreditado, é dicir, inferior á categoría senior ou absoluta. Para os clubs que compitan en disciplinas individuais establécese como requisito básico posuír un mínimo de cinco licenzas federativas de deportistas de base en competición.”

A este respecto e tal e como indica o alegante, presentou en tempo e forma o anexo X acreditando unicamente licenzas relativas á categoría senior, polo que a comisión procedeu a excluír da valoración a solicitude do Club Sala Ourense 2014, de conformidade coa base segunda da convocatoria.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

2º) En ningún caso, se lle requiriu telefonicamente ao clube alegante a emenda de documentación valorable, e concretamente non se lle requiriu a emenda do anexo X; simplemente se lle pediu aportación do orixinal do DNI do representante legal da entidade a efectos de poder cotexalo na Sección de Subvencións, é dicir, a emenda dunha mera deficiencia formal nun documento de carácter administrativo.

Doutra banda, e tal e como consta no informe emitido pola funcionaria correspondente do Rexistro Xeral desta Deputación Provincial, non constan a presentación neste rexistro nin do anexo X nin de ningún documento relativo ao anexo X ou a este concurso, por parte do clube alegante, en datas diferentes ao 29 de xaneiro de 2016 (data na que se presentou a solicitude) 7 de xullo de 2016 (data na que se presentou un primeiro escrito manifestando certos feitos en relación co concurso, no que se achegou un novo documento anexo X datado o 5 de xullo e compulsado o 7 de xullo) e 26 de xullo de 2016 (data na que se presentaron as alegacións que se están a analizar). En consecuencia, non consta a presentación dese documento supostamente requirido de forma telefónica con data anterior ao 7 de xullo, e non é certo que o documento presentado o 7 de xullo corresponda a ningún outro documento anteriormente presentado.

3º) A base novena, relativa aos criterios de valoración para a concesión de subvencións, dispón no seu apartado 1b) que *“a Comisión de Valoración poderá, cando o considere oportuno, solicitar de oficio a información necesaria para verificar os documentos presentados polo solicitante para a valoración da súa solicitude aos que fai referencia a base 5ª, apartado 3 b)”*

E dicir, as bases establecen que a correspondente Comisión de Valoración poderá, cando o considere necesario e motivadamente, requirir aclaración sobre datos xa previamente presentados, en tempo e forma; non se trata, polo tanto, dunha emenda de documentación valorable senón que se trata dun requirimento de aclaración dalgún dato que forma parte da documentación valorable e que xa fora achegado durante o prazo de presentación de solicitudes. Este é o caso da información requirida a diversos clubs mediante escrito da secretaria da comisión

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

de data 18 de maio de 2016, que por conseguinte non constituíu un requirimento de emenda de documentación.

4º) Con respecto á alegación en canto a que o anexo X non é un documento valorable, senón acreditativo dun requisito para ser beneficiario da subvención, e que polo tanto debe ser obxecto do trámite de emenda de solicitudes, cabe formular as seguintes consideracións:

a) O documento Anexo X é un documento valorable, por canto se refire aos criterios ou requisitos de fondo da convocatoria de subvencións, determinantes tanto da súa concesión ou denegación (valoración cualitativa da solicitude) como da determinación da contía da subvención a conceder (valoración cuantitativa da solicitude). Non se trata, por tanto, dun documento administrativo (como os relativos á identidade e personalidade xurídica do solicitante e do seu representante, á súa inscrición ne rexistros deportivos ou ao cumprimento dos requisitos xerais para ser beneficiario relativos á non concorrencia de prohibicións legais para recibir subvencións ou ao cumprimento de obrigas tributarias e de Seguridade Social).

b) Neste senso, a base 5ª da convocatoria establece que *“dada a natureza competitiva do procedemento de concesión das subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.”*

c) Esta determinación das bases atopa o seu fundamento legal nunha interpretación sistemática e finalista do establecido no artigo 23.5 da Lei Xeral de Subvencións en relación co artigo 71 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico da s Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, á luz dos principios xerais en materia de xestión de subvencións recollidos no artigo 8.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, de publicidade, transparencia, obxectividade, concorrencia e igualdade e non discriminación. En efecto, sería contrario a estes principios – e concretamente ao de igualdade e non discriminación – outorgar vantaxe a uns solicitantes fronte a outros no proceso de concorrencia competitiva, ao permitirlles mellorar, con posterioridade á data de vencemento do prazo de presentación das ditas solicitudes, os seu termos nos aspectos de fondo obxecto

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

de valoración, sexa esta cualitativa ou cuantitativa. En realidade, a realización dun trámite semellante non correspondería a unha emenda de deficiencias na solicitude (que é ao que se refiren os artigos 23.5 da Lei Xeral de Subvencións e 71.1 en relación co 70.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro) senón a un auténtico trámite de mellora da solicitude nos seus aspectos de fondo obxecto de valoración, polo que o disposto nas normas legais que se acaban de citar non é de aplicación a este tipo de deficiencias, debendo, en consecuencia, aplicarse o previsto na antedita base 5ª.

Polo anteriormente exposto, a Comisión de Valoración mantén a proposta de exclusión da valoración da solicitude presentada polo Club Sala Ourense 2014, por non acreditar, en tempo e forma, que posúe un equipo de base tal e como establece a base segunda da convocatoria.

En virtude de canto antecede, a **comisión**, por unanimidade, **acorda elevarlle á Xunta de Goberno** da Deputación **proposta definitiva de** resolución do concurso co seguinte contido:

1º.- Desestimar integramente as alegacións fronte á proposta de resolución provisional formuladas no trámite de audiencia polas entidades Club Ourense Fútbol Sala (*NRE 21935*) e Club Sala Ourense 2014 (*NRE 22146*) polos motivos recollidos na presente acta, que poderá incorporarse como anexo ao acto de resolución ao abeiro do establecido no artigo 89.5 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2º.- Estimar integramente as alegacións presentadas pola entidade Independiente Badminton Club (*NRE 21466*), tamén polos motivos recollidos na presente acta.

3º.- Inadmitir a trámite as seguintes solicitudes polos motivos que se indican:

- Por presentala fora do prazo establecido na base quinta da convocatoria:
Verín Futsal. FútbolSala
- Por non emendar a documentación administrativa que lle foi requirida:CDL Cortegada de Baños. Automobilismo.
- Por non presentar a correspondente documentación valorable, non sendo esta emendable: Club Bolos Punxeiro. Bolos

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

4º.- **Excluír da valoración** as solicitudes que se indican a continuación por non posuír, polo menos, un equipo de base acreditado, é dicir, inferior á categoría senior ou absoluta.”, e no caso de disciplinas individuais, posuír un mínimo de cinco licenzas federativas de deportistas de base en competición, tal e como dispón a base 2.1 d):

- **Atletismo Rúa, Club Hockey Burgas ,Verín Hoquei Club, A.D. Ourense Hoquei Club, Club Hoquei Santiago Apostol, A.D.C. Sainza, Club Deportivo A Bola, Sala Ourense 2014, Miguez Team, Fundación Cipri Gomes, Black Kick Competición, Unión Xogadores de Maceda.**

Excluír igualmente da valoración a solicitude da entidade deportiva que se relacionan a continuación por presentar escrito no que manifestaban a súa vontade de renunciar á solicitude de subvención : **Unión Deportiva Ourense**

A solicitude da entidade deportiva **Escolas Deportivas Concello de Verín**, tamén queda excluída o resultar **imposible a súa baremación** cos datos que aporta no expediente.

5º.- **Conceder**, conforme coa valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes solicitudes:

NOME ENTIDADE	MODALIDE DEPORTIVA	PROPOSTA CONTÍA SUBVENCIÓN
Grupo I – Nacional -		
Ourense Club de Fútbol S.A.D.	Polideportivo	17.577,10 €
Cidade de As Burgas Fútbol Sala	Futbol Sala	13.377,60 €
Grupo II – Autonómica-Nacional		
Club A.D.A.S.	Polideportivo	9.614,64 €
Pabellón Ourense Club de Fútbol	Polideportivo	11.545,44 €
Club Náutico Castrelo de Miño	Polideportivo	7.471,77 €
Clube Escola Ximnasia Burgas	Ximnasia	6.000,00 €
Club Ximnasia Pavillón	Ximnasia	10.025,78 €
Club Ourense Atletismo	Atletismo	8.951,06 €
Clube Ciclista Maceda	Ciclismo	8.412,28 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

Club Natación Pabellón Ourense	Natación	8.000,00 €
Club Natación Sincronizada Ourense	Natación Sincro.	7.618,22 €
Pizarras Los Tres Cuñados F.Sala	Fútbol Sala	5.368,01 €
Club de Tiro Eiroás	Tiro Olímpico	6.832,62 €
Grupo III - Autonómico-		
Club Santo Domingo	Polideportivo	3.000,00 €
Asociación Deportiva Limiactiva	Polideportivo	3.200,00 €
Asociación Deportiva Bosco	Polideportivo	7.212,30 €
Unión Deportiva Barbadás	Polideportivo	5.622,75 €
Club Carmelitas Vedruna	Polideportivo	6.809,02 €
E.D. Artai	Kungfu	3.985,29 €
Club Hockey Cidade de Ourense	Hockey	3.279,54 €
Club Hockey Barrocás	Hockey	6.061,41 €
Club Hockey Albor	Hockey	4.706,16 €
Club Hockey A Ponte	Hockey	2.057,63 €
Club Deportivo Ourela	Patinaxe	2.420,00 €
Club Patinatour	Patinaxe	3.500,00 €
Club Patinaxe AEHDE O Carballiño	Patinaxe	2.000,00 €
Xadrez CEIP Pereiro de Aguiar	Xadrez	5.000,00 €
Club Deportivo Xadrez Ourense	Xadrez	6.500,58 €
Club Marusia Ourense	Ximnasia	4.704,35 €
Mizukami Escuela de Karate Shotokan	Karate	2.000,00 €
Ximnasio Estudio A Valenzá	Karate	2.000,00 €
Club Deportivo P21 Padel Club	Pádel	2.401,27 €
Club Salvamento Acuático Ourense Salvour	Salvam. Socorr.	4.432,08 €
Centro Deportivo Couto, A.D.	Taekwondo	4.113,66 €
Club Dep. Dereito-Empresariais de Ourense	Tenis	2.000,00 €
Club Tenis Rúa	Tenis	2.000,00 €
Club Triatlón Gimnasio Olimpia Carballiño	Triatlón	2.942,14 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

Asoc. Dep.Gimnasio Dinamic Center	Wushu	4.211,17 €
Asoc. Dep. Balonman Carballiño	Balonmán	2.371,55 €
Club Balonmán Pabellón Ourense	Balonmán	7.445,03 €
Campus Ourense Clube Balonmán	Balonmán	3.329,16 €
C. Dep.Cultural Ribeiro-Viña costeira	Balonmán	3.316,62 €
Club Escola Balonmán Ribadavia	Balonmán	2.483,39 €
Club Olimpo`s	Boxeo	1.344,53 €
Club Esquí Náutico Dummies	Esquí Náutico	1.681,09 €
Burgas Voleibol	Voleibol	4.299,46 €
Club Voleibol San Martiño	Voleibol	7.175,53 €
Club Voleibol Ourense	Voleibol	5.119,99 €
Club Baloncesto Allariz	Baloncesto	4.534,75 €
Club Halterofilia Pabellón	Halterofilia	4.103,52 €
Club Fluvial Avión	Piragüismo	2.817,86 €
Escola Ourensana Municipal de Piragüismo	Piragüismo	2.616,31 €
Piragüismo Fluvial Allariz	Piragüismo	3.783,36 €
C.D. Arenteiro	Fútbol	4.253,70 €
Centro de Deportes Barco	Fútbol	5.899,25 €
Carballiño Fútbol Sala	Fútbol Sala	3.732,09 €
Club Ourense Fútbol Sala	Fútbol Sala	2.046,77 €
C.P. ATHLOS BADMINTON	Badminton	6.175,22 €
Club Baloncesto Femenino Ourense	Baloncesto	5.666,55 €
Agrup. Deport. APA IB Eduardo Blanco Amor	Baloncesto	4.500,00 €
Club Fluvial O Barco	Piragüismo	3.983,14 €
Independiente Bádminton Club	Bádminton	2.530,52 €
Grupo IV Provincial e Base		
C. Escolas DeP. Concello Xinzo de Limia	Ximnasia	2.700,00 €
Club Ourense Volei Praia	Voleibol	3.302,82 €
Escola Deportiva Ourense	Polideportivo	5.086,88 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

CD Maceda	Polideportivo	4.186,97 €
Club Deportivo La Purísima	Polideportivo	3.372,36 €
Club Deportivo Cultural Santa Teresita	Polideportivo	4.415,78 €
Club Peña Trevinca Barco	Polideportivo	1.600,00 €
Club Patinaxe Artístico Fenix	Patinaxe	1.680,07 €
Club Ximnasia Escola Pavillón	Ximnasia	4.065,13 €
Escuela de Kickboxing Cipri Gomes	Kickboxing	1.945,51 €
Wushu Kungfu Club Ourense	Kungfu	1.926,01 €
Club de Billar Ourense	Billar	2.056,54 €
Club Balonman Sergave Ourense	Balonmán	1.500,00 €
Depordima	Baloncesto	1.500,00 €
Asociación Baloncesto Xinzo	Baloncesto	3.063,82 €
Asociación Basket Ourense	Baloncesto	2.447,56 €
Femenino Sil Baloncesto Barco	Baloncesto	3.238,13 €
Montealegre Club de Golf, S.A.	Golf	3.038,30 €
Club Deportivo Ecuestre de Ourense	Hípica	2.100,76 €
Clube de piragüismo Fontefría	Piragüismo	2.005,99 €
C.D. Rúa	Fútbol	2.288,32 €
Pabellón Promesas	Fútbol	2.949,50 €
Club Deportivo Allariz	Fútbol	3.342,78 €
Sociedade Dep. Cultural Arrabaldo	Fútbol	3.624,47 €
Sporting Celanova	Fútbol	1.915,27 €
A Peroxa, C.F.	Fútbol	1.463,78 €
Club Deportivo Velle	Fútbol	3.793,77 €
Antela Fútbol Club	Fútbol	2.992,21 €
Amoeiro C.F.	Fútbol	1.377,44 €
Esc. Dep. Concello de Barbadás	Fútbol	2.243,46 €
S.D. Nogueira de Ramuín	Fútbol	2.366,27 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de agosto de 2016

Ribadavia Atlético	Fútbol	2.137,94 €
Cidade de Ourense	Fútbol Sala	2.281,41 €
	TOTAL	400.172,51 €

7.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e trinta minutos, do referenciado día cinco de agosto do ano dous mil dezaseis, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,